
Tradución, tradición e edición: consideracións desde o prólogo do *Tratado de Alveitaria galego**

Gerardo Pérez Barcala
Universidade de Santiago de Compostela

Data de recepción: 29/10/2018 | Data de aceptación: 7/12/2018

Resumo:

Desde o prólogo da tradución galega do *De medicina equorum* (DME), coñecida entre a comunidade investigadora como *Tratado de Alveitaria* (TA) e transmitida polo ms. 23076 da BNE, este traballo reflexiona sobre algunhas das súas leccións e o seu tratamento no proceso de edición crítica. Para tal fin pátrese da comparación do prólogo galego co do ms. Lat. Cl. VII 24 da Biblioteca Nazionale Marciana de Venezia e con outros elementos da tradición da obra. Esta permite mostrar a autenticidade dalgunhas leccións do manuscrito galego fronte ás erróneas interpretacións dalgúns editores, contribúe a identificar erros textuais no exemplar de Álvaro Eanes e corrobora a dependencia da tradución galega dun manuscrito latino próximo do custodiado na Biblioteca Marciana, mais distinto del.

Palabras chave:

Tratado de Alveitaria; *De medicina equorum*; tradución; edición crítica; erro textual.

Sumario:

1. Introducción: o TA e as súas edicións. 2. A tradición para a edición do TA. 3. O prólogo do TA desde a tradición. 4. Consideracións finais.

Translation, Tradition and Edition: Reflections on the Prologue to the Galician Text Tratado de Alveitaria

Abstract:

Focusing on the prologue to the Galician translation of De medicina equorum (DME), known among scholars as Tratado de Alveitaria (TA) and transmitted through ms. 23076 of the Spanish National Library, this paper reflects on some of the lessons included in this text and on their treatment in its process of critical edition. The starting point of the present study is a comparison of the Galician prologue to that of the ms. Lat. Cl. VII 24 of the Marcan

* Este traballo é froito das investigacións realizadas no proxecto “Edición crítico-interpretativa do *Livro d’Alveitaria*. Bases para unha plataforma *on-line* da tradición do *De medicina equorum*”, desenvolvido no marco da Modalidade B do Programa de formación inicial da etapa posdoutoral do Plan I2C da Xunta de Galicia.

National Library in Venice and to other texts in the tradition of De medicina equorum. The tradition proves the accuracy of some of the lessons in the Galician manuscript in contrast with the misinterpretations of other editors, it helps identify textual mistakes in Álvaro Eanes's codex, and corroborates the dependence of the Galician translation on a Latin manuscript similar to that guarded in the Marcian Library, but not identical.

Key words:

Tratado de Alveitaria; De medicina equorum; *translation; critical edition; textual mistake.*

Contents:

1. Introduction: TA and its editions. 2. Earlier editions of TA 3. Earlier versions of the prologue. 4. Final reflections.

1. Introducción: o *TA* e as súas edicións

O ms. 23076 da BNE (BITAGAP manid 1974) inclúe a produción de “Alvaro Eans da Seira | o | Alvaro Yans daseira o da Seiras”. Así o indica o folio frontal dun bifolio solidario incluído no século XX nas posicións extremas do códice (f. Ir)¹. Ata o f. XVI, o exemplar inclúe documentos deste “vizjno de bayona” (f. XIr), “Notario desta villa” (f. XVIr) e natural “da seira” (ff. IIIv, XVIr) que se sitúan cronoloxicamente entre 1409 e 1420² e que permiten situar a traxectoria vital do personaxe e a confección do códice no primeiro cuartel do século XV³.

Despois do referido f. XVI, un novo bifolio, neste caso con talón, dá paso a un texto de natureza diferente e marca, desde ese lugar, o inicio dunha nova numeración con díxitos arábigos. Estoutro bifolio dá entrada no códice de Álvaro Eanes ao “‘De Medicaminibus Equorum’ | ‘De Morbis equorum’ | ‘ad Federicum II Imperatorem’ | por Jordam Rubio de Calabria” (f. 1r), que é precisamente o título co que o manuscrito se cataloga na BNE ao considerarse ese como texto principal do mesmo. Porén, malia o que podería desprenderse daquela indicación, o que se reproduce a seguir non é exactamente o *De medicina equorum* (= *DME*), escrito en latín polo calabrés Giordano Ruffo e dedicado a Federico II de Sicilia (falecido en 1250), senón unha tradución galega dese manual de veterinaria. Comunmente coñecida na comunidade científica como *Tratado de Alveitaría* (BITAGAP texid 6106) (= *TA*), esta tradución non se conserva na súa integridade como consecuencia de lagoas materiais no terceiro caderno do códice que provocaron a perda de dous folios entre os ff. 19 e 20 e doutros dous entre os ff. 26 e 27⁴.

Aínda que investigadores como Santoyo (2004: 86-87) apuntan que o *TA* foi “traducido a finais de siglo [*scil.* XIV] por el notario de Bayona Álvaro Eans del *De morbis equorum*, de Jordano Ruffus o Ruffo de Calabria, intendente de Federico II de Sicilia”, os manifestos erros mecánicos de copia ou o pouco coidado na reprodución do texto (con escasa atención á estratificación do contido, algunhas capitais de inicio de capítulo non trazadas, etc.) fan pensar que Álvaro Eanes foi máis ben “un simple copista de algún manuscrito que alguen le facilitó y que él quiso transcribir para su uso particular” (Domínguez Fontela, 1938-1939: 238, 306).

1 Sobre a introdución deste bifolio, e do situado despois do f. XVI, nesa altura véxanse os detalles ofrecidos en Pérez Barcala (2013: 63-65): ademais do distinto tipo de papel, hai que tomar en consideración a ausencia de referencias a eles en Juan Domínguez Fontela (1938-1939, 1939-1940a, 1940) e a alusión a eles en José Luis Pensado Tomé (2004).

2 Reproducidos por Domínguez Fontela (1939-1940b).

3 Para os escasos datos documentais sobre Álvaro Eanes cf. Pérez Barcala (2013: 66-69).

4 Para a disposición material do caderno, cf. Pérez Barcala (2013: 71-73).

Para dar a coñecer o *TA* realizáronse algunhas presentacións do seu texto que, máis que buscar a reconstrución da tradución orixinal, se centraron na copia conservada. Así, no segundo cuartel do século XX publicouse a lectura paleográfica de Juan Domínguez Fontela (1938-1939, 1939-1940a, 1940), arcepreste da catedral de Tui e membro da Real Academia da Historia e da Real Academia Galega. Malia utilizar criterios de transcripción pouco coherentes e mesmo discutibles, o traballo do guardense ten un grande alcance por permitir o acceso a un texto ata entón descoñecido polos investigadores.

Nos anos 70 do pasado século, o *TA* suscitou tamén o interese de José Luis Pensado Tomé que elaborou unha nova presentación do texto, publicada postumamente (Pensado Tomé, 2004) e motivada fundamentalmente pola necesidade de ofrecer un glosario do que o traballo de Domínguez Fontela carecía e que dese conta da riqueza léxica que posúe o único texto científico coñecido do galego medieval. Malia non facer explícitos os criterios que presiden a súa edición, o insigne lexicólogo busca tamén achegarse ao establecemento paleográfico (con desenvolvemento abreviativo e separación vocabular, como tamén fixera Domínguez Fontela), mais intervindo na puntuación e emendando certas leccións recorrendo ao *ope ingenii* que a semántica e/ou a sintaxe aconsellan e á comparación co *Livro d'Alveitaria* portugués.

Cando se nos asignou a encomenda de preparar a edición de Pensado para a súa publicación, advertimos que era necesaria unha nova edición da tradución galega do *DME* que se materializou nos inicios deste século. Esta actividade podía desenvolverse en dúas direccións, que non eran excluíntes, senón máis ben complementarias –sobre todo nunha época en que as novas tecnoloxías facilitan a realización de multiedicións ou edicións dixitais que permiten satisfacer os distintos intereses dos destinatarios–, e que contribuían a deseñar o campo bibliográfico do *TA*, seguindo as indicacións de Ivo Castro e Maria Ana Ramos (1986: 112):

Campo bibliográfico é a designação que propomos para um conjunto estruturado de unidades bibliográficas (livros impressos), organizadas em torno de um determinado texto: o campo de um texto é o grupo formado pelas edições existentes desse texto. Distingue-se de tradição manuscrita por excluir os testemunhos manuscritos que desse texto existam; o campo é uma estrutura funcional, cujos elementos são valorizados de acordo com a sua capacidade para a difusão pública do texto; [...] O campo bibliográfico distingue-se também da tradição impressa, apesar de esta ser uma estrutura igualmente bibliográfica, por não integrar as edições que, sem exemplares sobreviventes, têm um valor difusório igual a zero.

O campo bibliográfico ideal é aquele em que, de um texto, existem no mercado, ou são facilmente acessíveis, exemplares de todos os tipos de edição capazes de satisfazer as necessidades de todos os tipos de leitor potencial.

Por un lado, para tal fin podía tomarse como meta a transcripción do texto do ms. 23076 da BNE consonte os procedementos da edición diplomática ou paleográfica, co obxecto de reivindicar o valor histórico dese testemuño sen modificalo, de mellorar os traballos precedentes (que parecían orientados nesta liña) e de proporcionar instrumentos para o estudo de aspectos gráficos, do *usus scribendi* ou de cuestións fonético-fonolóxicas. Aínda que este enfoque é as veces o reivindicado cando se dispón, coma neste caso, dun só manuscrito, a actual dixitalización do códice⁵ facía en certo sentido pouco urxente (que non innecesaria) unha edición dese tipo, que, en todo caso, é sempre imprescindible como fase inicial do traballo editorial (cf. Sánchez-Prieto Borja, 1998: 89).

Por outro lado, sabendo que, cando non se trata dun autógrafo, “nessun manoscritto è il testo” (Beltrami, 2010: 16) e que unha edición “è interpretazione e ipotesi scientifica..., non riproduzione materiale” (Brambilla Ageno, 1975: 240), o traballo podía encamiñarse a reconstruír, a partir da copia do século XV, o orixinal, probablemente perdido, da tradución galega, e foi esta a dirección na que se realizou o noso achegamento ao *TA*. Para a presentación do texto optouse por desenvolver as abreviaturas (sen recorrer a ningunha marca tipográfica específica), nivelar as grafías sen relevancia fonética (mais sen alterar a substancia lingüística do manuscrito), regularizar o uso de maiúsculas e minúsculas, unir e separar as palabras (utilizando apóstrofes e puntos voados para indicar elisións e asimilacións), acentuar diacriticamente, e puntuar e marcar a estrutura do texto (numerando consecutivamente os parágrafos dentro de cada capítulo). E, para fundamentar a reconstitución dun estado do texto galego que se achegase hipoteticamente á tradución orixinal, foi esencial a constatación de que o testemuño conservado presenta manifestos erros de copia e constitúe, daquela, a última –ou única– peza dunha tradición, talvez curta, que tería no seu inicio un orixinal. Para achegarse a este, foi indispensable analizar os datos extraídos da colación con algúns manuscritos que transmiten o *DME*, pois o *TA*, coa súa específica tradición textual, non é máis que un ramo da transmisión desa obra. Inicialmente comparouse o texto galego coa tradución francesa incluída nos ff. 1r-30v do ms. *français* 25341 da BnF (s. XIII) que editou Prévot (1991) co auxilio doutros testemuños⁶. O labor, que derivou nunha presentación inicial do *TA* engadida como apéndice á proposta de Pensado Tomé (cf. Pérez Barcala, 2004), contribuíu a advertir a utilidade do método e sentou as bases para outra edición que

5 <http://bdh.bne.es/bnesearch/CompleteSearch.do?languageView=es&field=autor&text=Ruffo&showY earItems=&exact=on&textH=&advanced=false&completeText=&pageSize=1&pageSizeAbrv=30&pageNumber=1>.

6 Concretamente, Prévot confronta ese códice, que identifica como M, con N (Biblioteca Apostolica Vaticana, ms. *Reg. lat.* 1177, s. XIV, ff. 1r-48v), R (Bibliothèque Municipale de Reims, ms. 991, s. XIV, ff. 54r-70v) e S (BnF, ms. n.a.l. 1553, s. XIV, ff. 1r-31v). Ao ter en conta as variantes de N, non era necesaria a consulta da transcripción de Klein (1969).

tivo en conta un maior número de *testes* do *DME* (cf. Pérez Barcala, 2013), seguindo unha práctica como a utilizada por Ivo Castro para o coñecido *Livro de José de Arimateia* ou, o que é o mesmo, a tradución portuguesa da *Estoire de Saint Graal* (cf. Castro, 2009).

2. A tradición para a edición do *TA*

Ao incluír a tradución galega de Ruffo, o ms. 23076 da BNE forma parte da mirífica e vasta transmisión do *DME* e intégrase no conxunto dos 173 manuscritos que inequivocamente reproducen o texto en latín, en diferentes linguas romances (siciliano, italiano, francés, occitano, catalán, galego) e tamén en hebreo e alemán⁷. Emporiso, faltando unha edición crítica do texto de Ruffo, a imposibilidade de consultar a totalidade daqueles testemuños limita o exame aos que foron obxecto de dixitalizacións ou que están accesibles a través de publicacións ou traballos académicos –cuxo número aumenta considerablemente nos últimos tempos no ámbito da elaboración de traballos de investigación que permanecen inéditos ou son de difícil acceso–⁸. A colación da tradución peninsular con estes exemplares do *DME* revélase de manifesta utilidade para a súa edición, mais, ao non terse identificado polo momento a fonte empregada para verter Ruffo ao galego, a edición do *TA* non se pode dar como definitiva e as tentativas encamiñadas a tal fin teñen un carácter se cadra máis hipotético que o que xa de por si comporta o traballo mesmo de edición.

En particular, entre o ms. Lat. Cl. VII 24 da Biblioteca Marciana de Venezia, ff. 55r-69v [= Ve] e a tradución galega constátanse tales afinidades estruturais e textuais que non parece desatinado conxectar que a tradución deriva dun manuscrito latino que contén unha versión extensa do *DME* pertencente á mesma familia que o manuscrito veneciano⁹. O modelo latino da tradución galega ocuparía, polo tanto,

7 Sobre a transmisión de Ruffo, cf. Montinaro (2015). Á relación cómpre sumar o cód. 2294 da BNP, que inclúe unha copia do *Livro d'Alveitaria* do Mestre Giraldo (cf. Pereira, 1909): este texto traduce e ordena o *DME* e a *Mulomedicina* de Teodorico de Borgognoni, redactada pouco despois do texto de Ruffo e con notorio influxo deste.

8 A listaxe de testemuños do *DME* accesibles por distintos medios recóllese no Apéndice.

9 Na versión de Ve o texto dispónse en dúas grandes seccións (unha hipolóxica e outra hipiátrica), ás que se engade no final unha terceira (*Regulae cognitionum omnium equorum*), cada unha cos seus respectivos capítulos. Existen, non obstante, testemuños con características diversas na orde, no número ou no contido dos capítulos, ata o extremo de que algúns exemplares só conteñen a sección veterinaria. Non hai dúbida de que na Idade Media circularon versións da obra de distinto tipo. Así, por exemplo, a sección final das *Regulae* desprázase ao interior da obra, situándose entre as outras dúas partes, en testemuños franceses como M ou N (cf. Prévot, 1991: 42, n. 1), ou é omitida noutros que,

unha posición estemática bastante alta, pois ese exemplar latino pode considerarse “testualmente prossimo all’originale” (Arquint, 2006-2007: 15).

O texto galego amosa unha fidelidade tan grande con respecto ao latino de Ve que ambos presentan a mesma estrutura, os mesmos capítulos (cunha correspondencia case perfecta no contido de cada un) e, en non poucos casos, a tradución parece feita palabra por palabra (coas discrepancias derivadas das diferentes estruturas das linguas de partida e de chegada), de xeito que o suposto dunha fonte nalgunha lingua romance parece altamente improbable¹⁰. No entanto, entre o texto do ms. 23076 da BNE e o de Ve hai algunhas diverxencias que invalidan a Ve como fonte do *TA*. O apoio dos outros testemuños pode contribuír a determinar se esas discrepancias constitúen erros textuais, isto é, se se trata de *loci* deturpados na transmisión da tradución mesma. Son estes os erros que habería que corrixir na edición, pois os que puido cometer o tradutor ou que poden ser resultado de variantes xurdidas na tradición latina da obra –e que estarían, daquela, na fonte da tradución galega– deben, polo contra, conservarse¹¹.

Tendo en conta os trazos das grafías manuscritas e as abreviaturas medievais, é razoable defender que algunhas discordancias resultan de fallas e confusións gráficas que foron cometidas por Álvaro Eanes ou que estaban presentes xa nunha fase anterior da transmisión do *TA*: para que fosen lícitas leccións como, por exemplo, *gema* (por *goma*), *posta* (por *pasta*) ou *cauallo* (por *cabello*) habería que pensar nunhas improbables (ou máis ben imposibles) alteracións dos termos latinos correctos *gemma*, *pasta* ou *pilus* en *vitellum*, *petia* ou *equus* respectivamente; dándose a semellanza gráfica entre as formas galegas e non entre as latinas, o razoable é valorar aquelas leccións como erros cometidos nalgunha fase da transmisión da tradución galega que, consecuentemente, hai que corrixir na edición¹².


ademais, transmiten versións máis abreviadas do texto, como sucede co texto latino de Pa(lat.) ou co francés de W. Sábese tamén dalgúns exemplares en italiano –Firenze, Biblioteca Nazionale Centrale, ms. Nuove Accessioni 424 (ff. 1v-49v); London, Wellcome Library, ms. 702 (ff. 3r-49v); Napoli, Biblioteca Nazionale “Vittorio Emanuele III”, ms. VIII D 67 bis (ff. 25r-54v); Stockholm, Kungliga biblioteket, ms. Tilander It. 6 (ff. 2r-59r)– que conteñen o texto “nella forma che di fatto si potrebbe definire ‘breve’, cioè limitata alla parte ippiatrica dell’opera”, o que demostra que “già nella prima metà del Trecento circolavano delle versioni ridotte dell’opera di Giordano Ruffo” (Bertelli, 2009: 406).

10 As dúbidas son manifestadas por Lorenzo (1993).

11 Sobre os problemas da identificación do erro textual na edición de traducións e a importancia da individualización do modelo utilizado para realizar a tradución, cf., entre outros, Cavallero (1988) e Sánchez-Prieto Borja (1989). Apunta o primeiro que debe considerarse *error textual* o “desvío que no pode justificarse como auténtico del traductor por error de éste o de su fuente”, “aquél que solo puede atribuirse a la tradición del texto traducido” (Cavallero, 1988: 79).

12 Para casos como estes, cf. Pérez Barcala (2016a, 2016b).

Pola contra, para outros desacordos é improbable que o problema (paleo)gráfico se producise en galego e resulta máis económico argüír que na transmisión latina se creou unha variante, que a tradición pode ou non apoiar: se *con viño*, *de juso* ou *a deanteira*, entre outras, non son erros de lectura do tradutor da forma que figuraba na fonte latina, acaso se deben a que nesta estaban *cum uinum* (e non *cuminum*), *inferior* (e non *interior*) ou *anteriore* (e non *interiora*). O método esixe a conservación de leccións como estas que, á vez, invalidan Ve como fonte da tradución¹³.



ω = arquetipo do orixinal latino do *DME*.

α = subarquetipo do que dependen, directa ou indirectamente, o ms. Ve (Venezia, Biblioteca Nazionale Marciana, ms. Lat. Cl. VII 24 (= 3677)) e o ramo β.

γ = arquetipo do orixinal da tradución galega (*TA*).

δ = *codex interpositus* entre γ e BNE.

BNE = copia conservada da tradución galega, isto é, do *TA* (Madrid, BNE, ms. 23076).

3. O prólogo do *TA* desde a tradición

Como se referiu, a correspondencia entre o *TA* e Ve é case perfecta e de literalidade mesmo manifesta, mais advértense certas discrepancias para as que a tradición da obra pode achegar información de interese con vistas ao tratamento editorial da tradución galega, en particular cando o seu establecemento non queda no plano paleográfico-diplomático. Aínda que a tradición do *DME* non permita dar unha feliz solución a todos os problemas textuais do ms. 23076 da BNE, a súa axuda é, como se vén apuntando, indiscutible para notar nel analoxías e diferenzas con Ve, para interpretar adecuadamente leccións ambiguas ou problemáticas, para lexitimar o

¹³ Para esta tipoloxía, cf. Pérez Barcala (2017, 2018). A dificultade aumenta naquelas circunstancias en que o desvío se puido orixinar tanto nunha como noutra tradición.

texto galego fronte a emendas propostas polos editores, para constatar probables omisións e avaliar a oportunidade de realizar integracións, para recoñecer erros (máis alá das evidentes faltas lingüísticas) e considerar a súa emenda..., para destacar, en calquera caso, a presenza dalgún *locus criticus*.

Excelente mostra das problemáticas enunciadas é o prólogo do *TA*, desde o que se queren facer a continuación algunhas consideracións sobre a utilidade da tradición para unha edición que identifique e repare os erros textuais e que non se limite a unha reprodución material do manuscrito¹⁴. Así aparece o inicio do *DME* en Ve:

Quum inter cetera animalia a summo rerum opifice evidenter creata usui 1
 humani generis immediate subjecta nullum animal sit equo nobilius, eo quod
 per ipsum principes, magnates et milites a minoribus separantur, et quia nisi
 ipso mediante dominus inter privatos et alios decenter discerni non posset:
 idcirco ad commoditatem illorum, qui equis assidue coutuntur, ipsorum 5
 specialiter, qui ad honorem militarem et bellorum assiduum probitatem
 nobiliori animo delectantur, quaedam de ipso equo juxta opinionem meam et
 mei ingenii parvitatem disposui compilare: non quod per omnia possim ea,
 quae eidem equo et suo generi pertinent, subtiliter indagare; sed, prout mihi 10
 Deus monstraverit, recto ordine ponam quod expertus sum ego Jordanus
 Ruffus de Calabria miles in marestalla quondam domini Imperatoris Friderici
 Secundi, sacrae memoriae recolendae diligentius adhaerebo, fere de omnibus
 rationes veridicas demonstrando. Rogatu quoque cujusdam mei amicissimi
 in hujusmodi delectantis infrascripta omnia cum diligentia scribere procuravi 15
 (Molin, 1818: 1-2).

Na copia conservada da tradución galega o fragmento figura segundo se transcribe a continuación¹⁵:

14 Da relación de testemuños do *DME* incluídos no Apéndice non todos teñen a mesma importancia como elemento comparativo: Vat queda de lado pola súa acefalia; W, por descender dunha rama que transmite só a sección veterinaria da obra; Lis, por presentar un prólogo específico en tanto que se concibe como obra en si mesma; Mar e Pa(cat.), por ter un prólogo moi abreviado no que non aparecen as leccións do prólogo galego que aquí examinamos.

15 Na transcripción (1) márcase o cambio de liña no lugar que corresponde; (2) desenvólvense as abreviaturas en cursiva e, de presentar enriba algunha palabra un trazo superior sen probable valor abreviativo, déixase constancia desta circunstancia no aparato: aos efectos considérase que a raia sobre o sustantivo *ohme* (*sic*), l. 1, e a conxunción *como*, l. 4, carece de valor (cf. Pichel, 2012: 223-224); por outro lado, se hai algún trazo que pode ter valor diacrítico ou abreviativo, adxudícaselle o que corresponda; a nota tironiana desenvólvese como *e*; o *p* co caído cortado por un trazo infralinear interprétase como *por* ao aparecer deste xeito a preposición por extenso maioritariamente; (3) únense e sepáranse as palabras, mais indicanse cun guión baixo _ os elementos que están separados na transcripción e unidos no manuscrito, e cun trazo vertical en superíndice | aqueles que están unidos na transcripción e separados no manuscrito; (4) no aparato constátanse posibles problemas na reprodución dalgunha grafía ou a presenza de letras sobrepostas que non abrevian.

|¹ <C>omo *ontre* todas as qousas anymalyas *que* deus fezo a *uso* et *seruiço* do ohme |² 1
 nehña *non* seia mays noble *que* o Cavallo *porque* *por* el os *príncypes* et os *gran*³des
 senores et os caualleiros se *departen* et *porque* sem el o *señor* *ontre* os utros |⁴
priuados asy como deue *non* poderya seer esgardado *por* *en* a *prol* *daquelles* vsam |⁵
 dos cauallos *espiçyalmente* aa *onrra* *daquelles* *que* con noble *curaçon* se deleitam aa 5
 bo⁶ndade et aa *onrra* da *cauallarya* et da *batalla* algũas cousas do Cauallo *segundo*
 |⁷ *mjña* *opinion* et a *brauza* do meu engeño ordiney a *Juntar* *non* *que* *por* todas llas |⁸
 coussas posam *sutilmente* mostrar *aquellas* qousas *que* ao Cauallo et a *sua* *geraçõn*
*per*⁹*teeçen* mais *lliure*mente a *verdade* *por* *ordem* *dereita* *Segundo* o *que* *provey* Eu 10
Jurdam |¹⁰ *Ruyvo* de *callabrya* *Caualleiro* en *marestella* en *outro* *tempo* de meu Señor |¹²
 |¹¹ o *Emperador* *fradarique* *Segundo* de *mjña* *vontade* de todas llas *qoussas* *trazoes* |¹²
uerdadeiras *mostrarey* Et a *rogo* de hũu meu *amjgo* *que* se en esto *delleitaua* todas |¹³
 llas *qoussas* *con* *femença* asy *escruyr* *provey* (BNE, ms. 23076, f. 1r = f. 2r)¹⁶

|¹ <C>omo] para o C, que abranguería tres liñas de texto, escríbese a letra de espera á esquerda
 deus] con trazo enriba *seruiço*] coa abreviatura de <er> unida a un j amañado a partir dun p co
 bucle infralinear que compendia a cadea <or> ohme] *sic*, con raia horizontal enriba |² noble]
 cun trazo análogo a un til grave sobre o e final *príncypes*] *pr'ncypes* |⁴ como] con trazo superior
 seer] con trazo enriba das dúas últimas letras *por en*] p coa abreviatura que suple <or> vsam]
 con trazo horizontal enriba do m |⁵ espiçyalmente] e^{sp'içyalm}e |⁷ opinion] op'nio, con trazo
 enriba da parte final |⁹ ordem] con trazo supralinear enriba do m *Jurdam*] con trazo horizontal
 sobre o m |¹⁰ Caualleiro] con trazo enriba da parte final da palabra *en*] con raia horizontal enriba
 |¹¹ qoussas] q'u^{ff}as |¹² amjgo] con trazo supralinear sobre a palabra *en*] con raia horizontal
 enriba |¹³ qoussas] q'u^{ff}as

Así ofrecen as edicións da obra a pasaxe:

Como *ontre* todas as quousas animalyas que deus feso a uso et *seruiço* do homem | 1
 nehua *non* sera mays noble *que* o cavallo *por* *que* *por* el os *princypes* et os *grandes*
 senores et os caualleiros se *deporten* et *por* *que* sen el o señor *entre* os outros
priuados asy como deue *non* poderya seer esgardado *poren* a *prol* *daquelles* vsam | 5
 dos cauallos *espiçyalmente* a onrra *daquelles* que con noble *curaçon* se deleitam a
 a bondade et a onrra da *cauallerya* et da *batalla* alguas cousas do cauallo *segundo*
 myña *opinion* et a *brauesa* do meu engeño ordiney a *juntar* no *que* *por* todas llas
 cousas posam *sutilmente* mostrar *aquellas* qousas *que* a o cauallo et a *sua* *geraçõn*
perteeçen mays *lliure*mente a *verdade* *por* *ordem* *dereita* *segundo* o *que* *provey* Eu 10
 o *Emperador* *fradariqus* *Segundo* de miña *vontade* de todas llas qousas *rasoes*
uerdadeiras *mostrarey* Et a *rogo* de *huum* meu *amigo* *que* se en esto *delleitana*
 todas llas qousas *con* *femença* asy *escribyr* *provey*

16 Os folios nos que está o *TA* foron obxecto de dúas numeracións diferentes. Por un lado, eses folios foron individualizados con dixitos arábigos a partir do 1 no ángulo superior esquerdo do recto de cada folio. Por outro lado, na BNE asignóuselles unha nova numeración a lápiz con dixitos arábigos no ángulo superior dereito que se inicia no bifolio con talón (cf. *supra*), de xeito que o primitivo f. 1 pasa a ser o f. 2 e así sucesivamente.

Pensado Tomé (2004: 57)

[C]omo *ontre* todas as qousas anymalyas *que* Deus fezo a uso et *seruiço* do
 ohmen nehũa *non* seia mays nobre *que* o cavallo, porque *por* el os *prjncypes*
 et os grandes señores et os caualleiros se deporten, et porque sen el o señor
ontre os outros *pruados* asy como deue, non poderya seer esgardado *poren*
 arol *daquelles que* [om. ms.] vsam dos Cauillos, *espiçialmente* aa onrra
 5 *daquelles que* con nobre curaçon se deleitam aa bondade et aa onrra da
 cauallarya et da batalla, algũas cousas do Cauallo, *segundo* mjña *opinion* et
 a braeza do meu engeño ordiney *ajuntar liuro* [om. ms.] no *que por* todas
 llas coussas posam *sutilmente* mostrar *aquellas qousas que* ao Cauallo et a
 sua geraçon *perteeçen* mais *lliuremente* a *verdade por* orden *dereita* segundo
 10 o que *prouey* Eu Jurdam Ruyvo de callabrya, Caualleiro en marescella [sic
 ms.] en outro *tempo* de meu Señor o Enperador Fradarique *segundo*, de mjña
 vontade, de todas llas qoussas, rrazoes *uerdadeiras* mostrarey.
 Et a rogo de huun meu amjgo, *que* se en esto delleitaua, todas llas qousas
 con femença, asy escriuyr *prouey*.
 15

Pérez Barcala (2004: 371)

[C]omo *ontre* todas as cousas animalias que Deus fezo a uso et *serviço* do
 home nehũa non seja máis nobre que o cavalo, porque per el os principes et
 os grandes señores et os cavaleiros se deporten, et porque sen el o señor
 5 *ontre* os [o]utros privados asi como deve non poderia seer esgardado, por
 én a prol *daqueles [que]* usan dos cavalos, *especialmente* aa onra *daqueles*
 que con nobre curaçon se deleitan aa bondade et aa onra da cavalaria et
 da batalla, algũas cousas do cavalo, *segundo* miña *opinion* et a brav[e]za
 do meu engeño, ordinei *ajuntar [libro]* no que per todaslas coussas posan
 sutilmente mostrar *aquelas cousas que* ao cavalo et á sua geraçon *perteeçen*,
 mais *livremente*, a *verdade*, per orden *dereita* segundo o que *provei* eu,
 10 Jurdan Ruvio de Calabria, cavaleiro en marescala en outro tempo de meu
 señor, o emperador Fradarique Segundo; de miña vontade, de todaslas
 coussas, rrazoes *verdadeiras* mostrarei.
 Et a rogo de ñu meu amigo que se en esto deleitava, todaslas cousas con
 femença asi *escribir* *provi*.
 15

Pérez Barcala (2013: 143)

Como *ontre* todas as cousas animallas que Deus fezo a uso e *serviço* do
 home neũa non seja máis nobre que o cavalo, porque por el os principes
 e os grandes señores e os cavaleiros se departen, e porque sen el o señor
 5 *ontre* os [o]utros privados asi como deve non poderia seer esgardado, por
 én a prol *daqueles [que]* usan dos cavalos, *especialmente* aa onra *daqueles*
 que con nobre curaçon se deleitan aa bondade e aa onra da cavalaria e da
 batalla, algũas cousas do cavalo, *segundo* miña *opinion* e a parveza do
 meu engeño, ordinei *ajuntar*, non que por todaslas coussas *posa* *sutilmente*
 mostrar *aquelas cousas que* ao cavalo e á sua geraçon *perteeçen*, mais
livremente, a *verdade*, por orden *dereita* segundo o que *provei* eu, Jurdan
 10 Ruvio de Calabria, cavaleiro en marescalla en outro tempo de meu señor,
 o emperador Fradarique Segundo; de miña vontade, de todaslas coussas,
 rrazoes *verdadeiras* mostrarei. E a rogo de ñu meu amigo que se en esto
 deleitava, todaslas cousas con femença asi *escr[i]vir* *provi*.

Deixando de lado as probables faltas do texto galego (*utros* → outros, *posam* → posa, etc.), as principais discordancias entre este e Ve teñen que ver coa presenza ou ausencia nun testemuño de elementos que están ausentes ou presentes no outro. Cando discrepancias desta índole non afectan á semántica nin á sintaxe do texto galego, deben ser avaliadas con una prudencia. É o que acontece, por exemplo, coa cláusula *prout mihi Deus monstraverit* (ls. 9-10) –que, como no texto galego, non aparece en Pa(lat.), Ro, Har, Fi₁, Fi₂, Ber, Pa(it.), M(fr.), R(fr.)–, con *sacrae memoriae recolendae* (l. 12) –ausente na práctica totalidade da tradición, agás F(lat.)– ou co complemento *a minoribus* (l. 3) –presente, en cambio, en F(lat.), Pa(lat.), Ro, Har, Fi₂, Ber, Pa(it.), M(fr.), R(fr.), Fre (l. 3) (cf. *infra*)–. A integración no texto galego das pasaxes que están en Ve non semella editorialmente aconsellable, pois, non coñecendo a fonte exacta desde a que se realizou a tradución galega, é difícil establecer se se trata de leccións privativas desta, se responden á utilización dun *exemplar* latino diferente de Ve (e corroboran, daquela, a existencia da rama β), como nalgún dos casos comentados parece apoiar a tradición, ou se son debidas a un proceso de tradución *ad sensum*, como podería ter acontecido coa ausencia de *a minoribus*.

Tendo en conta as consideracións previas, á luz da tradición do *DME* analizaranse as diverxencias que se advirten entre o prólogo de Ve e o da tradución galega, así como a interpretación que se fixo delas no conxunto dos traballos que constitúen o campo bibliográfico do *TA*.

l. 3. *ms. deptē*

Domínguez Fontela, Pensado Tomé e Pérez Barcala (2004) decántanse polo desenvolvemento *deporten*, coa interpretación do *p* co seu caído cortado por un trazo horizontal como *por*. A forma en cuestión sería a P6 do Presente de Subxuntivo do verbo *deportar*, que, no parecer do filólogo de Negreira, posuiría neste caso o significado ‘divertirse’, descoñecido polo galego (e polo portugués), mais que “se documenta en cast. hacia 1200” (Pensado Tomé, 2004: 41, s.v. *deporten*, *se*). Porén, a forma que lle corresponde en Ve (*separantur*, tamén en Pa(lat.)) e a que aparece na tradición de Ruffo lexitiman *par* como interpretación do compendio abreviativo¹⁷. A interpretación correcta da lección manuscrita é *departen*, isto é, a P6 do Presente de Indicativo de *departir*. Este verbo está ben recollido en galego medieval coas acepcións de ‘separar, dividir’, ‘distinguir’ (cf. DDGM, s.v. *departir*)¹⁸ e estes son,

17 Cf. Pichel Gotérrez (2013) para este signo especializado como representación de vogal + r.

18 Con estes valores, e como verbo antigo, é recollida a forma na lexicografía galega moderna: cf. DdD, s.v. *departir*.

como pode verse, os valores semánticos apoiados pola tradición do *DME* que inclúe a pasaxe en cuestión¹⁹:

Ve	per ipsum principes, magnates et milites a minoribus separantur
F(lat.)	per ipsum principes, magnates et milites a minoribus discernuntur
Pa(lat.)	per ipsum reges principes et magnates ab alijs separantur
Ro	li caualeri e tutti li altri signuri sunu canuxuti da li uillani
Har	cauallerj et tucti altrj singnurj su"canuxutj di"li uillanj
Fi ₁	omni gintili homu plui si adillecta et mustra sua nobilitati
Fi ₂	per ipsu, li rigi, li principi et li grandi homini sunzu spartuti da li altri
Ber	li chavalieri & li altri signori sono conosciuti dalli villani
Pa(it.)	per ipso li principi et grandi homini et caualieri si sse disparteno da li minori
M(fr.)	per celui li roy, li prince sont conneüz des austres povres gens
R(fr.)	per celui li roy, les princes et grans seigneurs et chevaliers sont par dessus des austres de basse condition
Fre	per el son ly noble homne, so es assaber reys, contes, princes et cavaliers, triatz et cognogus del pobol

l. 4. ms. apl daq̄lls vsam

É evidente o problema sintáctico ao que dá lugar a ausencia do pronome relativo *que*. A presenza contigua de *qui* en Ve (“ipsorum specialiter, *qui* ad honorem militarem et bellorum assiduam probitatem nobiliori animo delectantur”, ls. 5-7) podería ter propiciado que na fonte latina se omitise o relativo no *locus* precedente. De ser así, a práctica ecdótica obrigaría a non restituír o pronome na edición da tradución galega²⁰. Emporiso, mentres non se identifique o manuscrito latino utilizado para verter o *DME* ao galego, tamén sería lexítimo argüír que foi na transmisión do *TA* onde a sucesiva presenza de *que* (“espiçyalmente aa_onrra daqelles *que* con nobre

19 Os testemuños romances presentan, en efecto, lexemas cuxo significado corresponde ao das formas da tradición latina, *separare* e *discernere*. Nuns está un verbo relacionado co italiano *conoscere* co valor semántico de ‘discernere, distinguir’ (TLIO, s.v.); noutros, un afín ao italiano *dispartire* na acepción de ‘tenere separato qsa da qsa altro’ (TLIO, s.v.); en Fre utilízase, ademais, *triar*, ‘trier, choisir, distinguer, discernere’ (Raynouard, 1843: 419, s.v.), etc.

20 Como unha falta que remontaría á fonte da tradución e que, por moito afecte á sintaxe, non debe ser corrixida, explica Beltrami (2010: 32) a omisión da forma verbal *é* na tradución italiana do *Tresor* de Raimundo da Bergamo, que “comincia ‘Questo libro apelato Tesoro’, dove (considerando anche il séguito) manca palesemente *è* (*è apelato*); ma la traduzione dipende da un manoscritto del testo francese in cui il verbo già mancava, e quindi si può ritenere che il traduttore abbia scritto così, traducendo parola per parola. Tutti questi errori devono essere rispettati, e, piuttosto, commentati in nota”.

curaçon se deleitam aa bondade et aa_onrra da_cauallarya et da_batalla”, ls. 5-6) conduciu á súa omisión no lugar considerado, fose na copia conservada ou na representada como δ no estema. Se a omisión do relativo se situase na tradición da tradución, o método imporía a integración de *que* no punto indicado. Así, apelando ao *ope ingenii*, Pensado Tomé resolve un problema sintáctico, cuxa corrección vén lexitimada pola tradición do *DME* que se mantén fiel á estrutura de Ve:

Ve	ad commoditatem illorum, qui equis assidue coutuntur, ipsorum specialiter, qui ad honorem militarem et bellorum assiduam probitatem nobiliori animo delectantur
F(lat.)	idecirco ad comoditatem illorum qui equis assidue coutuntur, ipsorum specialiter qui ad honorem militarem bellorum assidua probitate nobiliori animo delectantur
Pa(lat.)	ad comoditatem illorum qui equis assidue vtuntur. <i>et eorum precipue quid ad honorem militarem et bellorum strenuitatem nobiliori animo delectantur</i>
Ro	ad utilitati di killi ki caualli usanu. e specialimenti pir killi ki si dilectanu di iustrari e di cumbatiri
Har	ad“utilj di”quillj chi cauallj vsanu spcialimentj per quillj chi si“dilectanu”de iustrarj oy combactirj
Fi ₁	ad utilitati di li cavalcaturi ki volinu iustrari, curriri oy cumbatiri
Ber	ad utilidade di coloro che li cavalli usano, e spetialmente per culoro che si dilectano di giostrare & di combactere
Pa(it.)	ad la vtilita di quelli che conuersano assiduamente cum li caualli di quelli et spetialmente li quali si dilectano in honore di cauallaria in ne le battaglie cum nobile animo
M(fr.)	pour cel atillité de ceuz qui en ce se delitent par noblece de courage et honeur de chevalerie ou de batailles
R(fr.)	a l'utilité de ceuls qui continuelment conversent avec les chevaux, especialament de ceux qui en ce se delitent par noblece de courage et honeur de chevalerie ou de batailles
S(fr.)	au profit d'iceus qui usent ensemble assiduamment de cheval, de ceus especiaument
Fre	al profiech d'aquels qui uson continuamens e maiormens d'aquels qui a l'ordre de cavalaria sy son rendus e qui se delichan en monstrar lor proessa e la noblessa de lur cor per deffendre lo pobol e la causa publica

l. 7. ms. abrauza

Esta lección, coa omisión da vogal tónica, deu lugar ás lecturas *brauesa* en Domínguez Fontela, *braueza* en Pensado Tomé, e *brav[e]za* en Pérez Barcala (2004), mais a lección foi emendada en Pérez Barcala (2013) por unha indocumentada forma

parv[e]za ‘pequenez’ que se correspondería cos substantivos *paruitas* de Ve – tamén F(lat.)– e *paruita* dun impreso de 1563 co *DME* en italiano (“secondo la mia opinionione et *paruita* del mio ingenio”). Á luz destes paralelismos, sería lexítimo argumentar que Ruffo estaría a dar cabida na obra ao tópico da *humilitas* ou da falsa modestia, de modo que a lección do manuscrito galego podía interpretarse como un erro polo hapax *parveza* a partir dun antecedente δ no que ou xa non estaba ese nome ou presentaba algún problema de copia que puido conducir á lección *braueza* (cf. Pérez Barcala 2013: 212, n. 14).

Para avaliar a natureza da discrepancia entre o manuscrito galego e Ve son só de axuda os exemplares mencionados, en tanto que outros non presentan correspondencia para o segundo elemento da estrutura xemorada de Ve “juxta opinionem meam et *mei ingenii parvitatem*” (ls. 7-8) –como se observa en Pa(lat.), Fi₂, Fre– ou, de presentala, prescinden do núcleo do sintagma *mei ingenii parvitatem* e converten en tal o xenitivo *mei ingenii* –segundo apuntan Ro, Ber, Pa(it.), R(fr.)–. Emporiso, en M(fr.), “selonc ma quidance et *soustillité de mon angin*”, para *opinio* estaría *quidance*, ‘pensée, opinion’ (cf. Godefroy, 1883: 394, s.v. *cuidance*), e a *parvitas* correspondería *soustilité*, ‘habilité, intelligence’ (cf. Godefroy, 1892: 565-566, s.v. *soustitité*). O valor semántico da *soustilité*, practicamente oposto ao de *parvitas*, obriga a reconsiderar a oportunidade de corrixir *brauza* (\rightarrow *brav[e]za*)²¹, unha lección se cadra lexítima con orixe nunha fonte latina que non presentaba *parvitas*.

A tradición amósase diversa na adaptación do sintagma e, dentro del, do termo correspondente ao que na edición da tradución galega se presenta conflitivo:

Ve: juxta opinionem meam et mei ingenii parvitatem	Ro: sicundu lūmeu pinsamentu & ingeniu	Pa(lat.): iuxta opinionem meam	Pa(it.): de meo ingegno	M(fr.): selonc ma quidance et soustilité de mon angin
F(lat.): iuxta opinionem meam et mei ingenii paruitatem	Ber: secondo lo mio pensamento & ignegno	Fre: iosta la myesna opinion	R(fr.): par mon engin	

l. 7. ms. ordiney a Juntar nō q̄

A lectura de Domínguez Fontela, “ordiney a juntar no *que*”, non dá conta da realidade paleográfica do manuscrito ao non quedar clara a interpretación sintáctica (e semántica) da cadea gráfica *no*, cun trazo supralinear enriba. Pensado Tomé,

21 Para os significados ‘valentía, coraxe, fereza’ do termo, cf. DdD, s.v. *braveza*.

“ordiney axuntar *liuro* no *que*”, integra o nome *liuro*, le como *no* (*en* + artigo) o que no manuscrito está como *no* con lineta e interpreta como pronome relativo a forma *que*. É ben certo que no manuscrito a contracción *no* está de forma maioritaria con lineta, de natureza probablemente escriptolóxica e aos efectos expletiva, polo que se iguala na escrita co adverbio de negación *non*. É tamén certo que Fi_1 , “dirrò in kistu *libru* di la manischachia, secundum meu sapiiri”, e M(fr.), “je ay assemblé en ce *livre* aucunes choses de cheval selon ma quidance et soustilité de mon angin”, presentan o substantivo inserido por Pensado Tomé. Esta lectura, aceptada en Pérez Barcala (2004), leva a interpretar *que* como un pronome relativo cuxo antecedente sería ese substantivo *liuro* restituído, que á vez constitúe o complemento directo de *ordiney axuntar*. Non obstante, esta emenda podería non estar ben encamiñada, pois a función sintáctica de “algũas cousas do Cauallo” (l. 6) no período sería de todo imprecisa.

Con seguridade neste lugar da tradución non hai o problema textual indicado por Pensado Tomé e Pérez Barcala (2004) e sintacticamente o fragmento non precisa de ningunha reparación ao se manter fiel a Ve e outros testemuños. En efecto, como se recoñeceu en Pérez Barcala (2013), a sintaxe e o sentido do texto galego coinciden con Ve: “algũas cousas do cavalo” corresponde a “quaedam de ipso equo” e este sintagma é o complemento directo de “ordiney axuntar” (en Ve “disposui compilare”), *no* con lineta é o adverbio de negación (en Ve *non*) e *que* atense á conxunción causal *quod*. Ademais de Ve, avéñense coa lexitimidade do texto galego testemuños como F(lat.), Pa(lat.), Fi_2 , Pa(it.), R(fr.) e Fre, de xeito que o lugar non presenta ningún erro e non precisa de emendas como a que, integrando *livro*, remitiría probablemente a unha rama distinta da tradición:

Ve: quaedam de ipso equo [...] disposui compilare: non quod per omnia possim ea, quae eidem equo et suo generi pertinent, subtiliter indagare	Fi_1 : dirrò in kistu libru di la manischachia [...]
F(lat.): quedam de ipso equo [...] proposui compilare, non quod per omnia possim ea que eidem equo uel suo generi pertinent indagare	M(fr.): je ay assemblé en ce livre aucunes choses de cheval
Pa(lat.): quedam de ipso equo [...] disposui compilare non quod possim per omnia ea quae pertinent suo generi subtiliter indagare	
Fi_2 : alcuni cosi da ipsu, [...] <i>proposui compilari</i> , nunc si poza tucti cosi ki apparteninu a la sua generationi vidiri	
Pa(it.): io me aio disposto di componere et de fare de ipso cauallo de meo ingegno alchune cose : Non che io potesse subtilemente demostrare tutte quelle cose che appertengano ad ipso cauallo et alla sua generatione	

R(fr.): aucunes choses du dit cheval [...] je suis disposé et appareillé de faire, non pas que je puisse toutes les choses qui au dit cheval ou a sa generation appartienngne soubtilment mettre	
Fre: prepausi [...] dire e tractar alsucas causas del caval profichablas, e non tant cant pertendria assaber	

l. 9. ms. avdade

Este sintagma carece de equivalencia en Ve, mais non falta noutros testemuños:

Pa(lat.)	sed mere veritati recto ordine secundum quod expertus fui multociens adherebo
Pa(it.)	ma secondo la ueritate et persimigliantemente per directa ordinatione secondo che multe fiate aio prouato et so experto demonstrare
M(fr.)	j'enquerray par droite ordre de verité toutes choses qui appartient a cheval
R(fr.)	mais selon la coutume de la verité et par droit ordre, selon ce que j'ay esprouvé mult de foiz

Á vista destas pasaxes resulta claro que a tradución depende dun testemuño que, fronte a Ve, presentaba un sintagma como o de Pa(lat.), *mere veritati*, mais tamén o é que, ao non documentarmos o sintagma *a verdade* cun valor semántico como o suxerido polos exemplares reproducidos, o manuscrito galego parece resentirse dun problema sintáctico que na nosa edición pasamos por alto, limitándonos a proporcionar en nota o texto dos testemuños franceses (Pérez Barcala, 2013: 213, n. 20) á espera de que alguén botase sobre o asunto unha luz que ata o de agora non predeu. Tendo en conta Pa(it.) e R(fr.), é posible que haxa que emendar o *TA* integrando conxecturalmente a preposición *segundo*. Ao ser improbable que a súa omisión remontase á fonte latina, na que figuraría un ablativo sen preposición, como se ve en Pa(lat.), poderá pensarse que a falta debeu de cometerse na copia da tradución, se cadra como consecuencia da súa presenza a seguir no texto (“Segundo o *que prouey* Eu”, l. 9). Sendo, daquela, un auténtico erro textual, a reposición da preposición sería obrigada e, en cambio, non consta en ningún dos establecementos textuais do *TA* realizados ata agora.

4. Consideracións finais

No estado no que se atopan as investigacións orientadas ao establecemento do *TA*, pode dicirse que o seu campo bibliográfico, isto é, o conxunto de edicións que existen dese texto, non está completo, mais polo momento para algúns tipos de presentacións

non pode estalo. En particular, a edición crítica do *TA* a partir da copia do Catrocentos presenta innúmeras dificultades e, mentres que non se identifique o modelo latino manexado para verter o *DME* ao galego, é imposible dála como definitiva. Constitúe esta unha empresa que requiriría da transcripción dos 57 manuscritos identificados nos que se inclúe a obra en latín. Ao ser este un labor só realizable se cadra no marco dun ou varios proxectos de investigación conxuntos, polo momento só cabe adiantar hipóteses no relativo ás dificultades textuais que afectan ao ms. 23076 da BNE, dar solucións a algunhas delas a partir da colación con outros testemuños accesibles e formular conxecturas sobre probables particularidades da fonte latina da tradución.

Así, do fragmento presentado é verosímil defender (a) que o *TA* depende dun testemuño que carecía de sintagmas que están en *Ve* (por exemplo, *prout mihi Deus monstraverit*) e que incluía outros que non aparecen en *Ve* (é o caso de *mere veritati*), (b) que o exame da tradición autoriza o texto do *TA* fronte ás emendas dalgúns editores (significativa é a lección *non que*), ou (c) que, non coñecéndose a fonte concreta do *TA*, para os *loci* nos que o problema textual puido producirse tanto na transmisión latina como na galega é máis económico pensar na segunda posibilidade sempre que a tradición apunte nesta dirección (pénsese na omisión do pronome relativo *qui* ou *que*).

O desexable interese que poidan suscitar entre os investigadores novos manuscritos do *DME* obrigará a unha necesaria revisión continua do texto galego (e das outras pezas da transmisión da obra de Giordano Ruffo), pois, como sentenza atinadamente Fernández-Ordóñez (2014: 52)

es imprescindible reconstruir, con las herramientas de la crítica textual, la historia de la tradición. Esta operación comparativo-reconstructiva es la única que puede situar en una secuencia ordenada tanto la creación literaria como su transformación en el tiempo. Y tan necesario es comparar para reconstruir como indispensable es comparar para valorar la importancia cultural, histórica, lingüística de cada uno de los testimonios que integra una tradición textual, que debe ser comprendido individual y autónomamente (y no como simple reflejo del texto que transmite).

Na realización desta angueira, na reconstrución do orixinal do *TA*, as alteracións realizadas ou os problemas que se advirtan no copia conservada deberán ser obxecto de explicación na oportuna anotación, aquí se cabe máis necesaria. Como ben explica Sánchez-Prieto Borja (1998: 56), “una edición en la que el editor se aparte del manuscrito muchas veces pero indicándolo en aparato no será poco respetuosa. Sus enmiendas serán o no aceptables... pero el “respeto” al manuscrito no sufre en absoluto”.

Apéndice. Relación abreviada de manuscritos “editados” e/ou dixitalizados do *DME*

Ber	Berlin, Kupferstichkabinett, ms. 78 C 15, s. XIII, ff. 1r-48v	Olrog Hedvall (1995)
F(lat.)	Paris, BnF, ms. <i>latin</i> 5503, s. XIV, ff. 53r-76v	Prévot (inédito)
Fi₁ + Fi₂	Firenze, Biblioteca Riccardiana, ms. 2934, s. XV, ff. 3r-7v, 26r-35r; 36v-58r	Fichera (2014-2015) (<i>apud</i> Artesia)
Fre	Fréjus, Bibliothèque Municipale, ms. 9, s. XV, ff. 1r-71r	Arquint (2006-2007)
Har	London, British Library, ms. Harley 3535, s. XV, ff. 41v-91v	Rizza (2014-2015) (<i>apud</i> Artesia)
Lis	Lisboa, Biblioteca Nacional de Portugal, cód. 2294, s. XV, ff. 1r-45r	Pereira (1909)
M(fr.)	Paris, BnF, ms. <i>français</i> 25341, s. XIII, ff. 1r-30v	Prévot (1991) ²²
Mar	Venezia, Biblioteca Nazionale Marciana, ms. It. Cl. III 27 (= 5508), s. XV, ff. 2r-63v	Di Costa (2000-2001) + Stivala (2013-2014) (<i>apud</i> Artesia)
Pa(cat.)	Paris, BnF, ms. <i>espagnol</i> 212, s. XIV, ff. 93v-109v	http://archivesetmanuscripts.bnf.fr/ark:/12148/cc348211
Pa(it.)	Paris, BnF, ms. <i>italien</i> 454, s. XV, ff. 1r-37v	http://archivesetmanuscripts.bnf.fr/ark:/12148/cc9527j
Pa(lat.)	Paris, BnF, ms. <i>latin</i> 1203, s. XV, ff. 24r-39v	http://archivesetmanuscripts.bnf.fr/ark:/12148/cc59140w
Ro	Roma, ms. Trabia, s. XIV (1368), ff. 8r-41	De Gregorio (1905)
Vat	Città del Vaticano, <i>Vat. lat.</i> 10001, s. XV, ff. 1r-72v	Montinaro (2017)
Ve	Venezia, Biblioteca Nazionale Marciana, ms. Lat. Cl. VII 24, s. XIII, ff. 55r-69v	Molin (1818)
W(fr.)	London, Wellcome Library, ms. 546/5, s. XIV, ff. 78v-88r	Hunt (2011: 245-279)

22 Sobre esta edición e outros testemuños en francés, cf. n. 6.

Referencias bibliográficas

- Arquint, Patrizia (2006-2007). *Il volgarizzamento occitanico del Liber de medicina equorum di Giordano Ruffo: edizione critica*, tesi di dottorato [inédita]. Università degli Studi di Siena.
- Artesia = Pagano, Mario (dir.). *Corpus Artesia. Archivio Testuale del Siciliano Antico*, Università degli Studi di Catania-Centro di studi filologici e linguistici siciliani. artesia.ovi.cnr.it (Consultado en 20.10.2017).
- Beltrami, Pietro G. (2010). *A che serve un'edizione critica? Leggere i testi della letteratura romanza medievale*. Bologna: il Mulino.
- Bertelli, Sandro (2009). “La *Mascalcia* di Giordano Ruffo nei più antichi manoscritti in volgare conservati a Firenze”. En Ortoleva, Vincenzo, & Petringa, Maria Rosaria (eds.), *La Veterinaria antica e medievale (testi greci, latini e romanzi). Atti del II Convegno internazionale (Catania, 3-5 ottobre 2007)*. Lugano: Lumières Internationales, 389-427.
- BITAGAP = Askins, L-F. (dir.) (1997-). *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*. University of California, Berkeley. http://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_en.html (Consultado en 30.10.2018).
- Brambilla Ageno, Franca (1975). *L'edizione critica dei testi volgari*. Padova: Antenore.
- Castro, Ivo (2009). “Editando o *Livro de José de Arimatéia*”, *Filologia e Linguística Portuguesa, 10-II*, 345-364.
- Castro, Ivo, & Ramos, Maria Ana (1986). “Estratégia e tática da transcrição”. En *Critique textuelle portugaise. Actes du Colloque, Paris, 20-24 octobre 1981*. Paris: Fondation Calouste Gulbenkian-Centre Culturel Portugais, 99-122.
- Cavallero, Pablo Adrián (1988). “El concepto de ‘error’ y el criterio de enmienda”, *Incipit, VIII*, 73-79.
- DDd = Santamarina, Antón (coord.). *Diccionario de diccionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. <http://sli.uvigo.es/ddd/index.php> (Consultado en 30.10.2018).
- DDGM = González Seoane, Ernesto (coord.). *Diccionario de diccionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. <http://sli.uvigo.es/DDGM/index.php> (Consultado en 30.10.2018).
- De Gregorio, Giacomo (1905). “Il codice de Cruyllis-Spatafora, in antico siciliano, del sec. XIV, contenente la *Mascalcia* di Giordano Ruffo”, *Zeitschrift für romanische Philologie, 29, 5*, 566-606.
- Di Costa, Giuseppina (2000-2001). *Edizione di un inedito volgarizzamento in siciliano medievale della Mascalcia di Giordano Ruffo [Cod. Marciano It. III 27 (5008), cc. 2r-23r]*, tesi di laurea [inédita]. Università degli Studi di Catania.

- Domínguez Fontela, Juan (1938-1939). “*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI, 238, 302-309; 239, 345-352; 240, 395-402; 241, 451-458; 242, 495-502; 243, 543-550.
- Domínguez Fontela, Juan (1939-1940a). “*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XII, 244, 13-20; 245, 93-100; 246, 109-115.
- Domínguez Fontela, Juan (1939-1940b). “Documentos arcaicos gallegos del Códice de minutas del notario de Bayona de Miñor, Álvaro Eans das Eiras o Álvaro Yans da Seira, a principios del siglo XV”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XII (1939), 246, 116; XII (1940), 250, 233-240; 251, 257-261.
- Domínguez Fontela, Juan (1940). “El Códice de Albeitería de Alvaro Eans o Yans da Seira. Epílogo”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XII, 251, 261-264.
- Fernández-Ordóñez, Inés (2014). “El texto medieval: propiedad y uso”, *Medioevo Romano*, XXXVIII, 1, 45-68.
- Fichera, Aldo (2014-2015). *L’edizione dei due trattati di mascalcia in volgare siciliano del codice 2934 della Biblioteca Riccardiana di Firenze*, tesi di dottorato [inédita]. Università degli Studi di Catania.
- Godefroy, Frédéric (1883). *Dictionnaire de l’ancienne langue française et de tous ses dialectes du IX^e au XV^e siècle*. Tome deuxième. Paris: F. Vieweg. Disponible en <https://archive.org/details/GodefroyDictionnaire2> (Consultado en 30.10.2018).
- Godefroy, Frédéric (1892). *Dictionnaire de l’ancienne langue française et de tous ses dialectes du IX^e au XV^e siècle*. Tome septième. Paris: Émile Bouillon. Disponible en <https://archive.org/stream/dictionnairede07godeuoft#mode/2up> (Consultado en 30.10.2018).
- Hunt, Tony (2011). *Old French Medical Texts*. Paris: Classiques Garnier.
- Klein, Lieselotte (1969). *Studien zur medicina equorum des Jordanus Ruffus (1250)*, Inaugural-Dissertation zur Erlangung des Grades eines Doctor Medicinæ Veterinariæ. Hanovre.
- Libro dell’arte de marascalchi per conoscere la natura delli cavalli et medicarli nelle loro infermità, et l’arte di domarli, composto per lo dignissimo Cauallier Giordan Ruffo Calabrese*. Venezia: Francesco de Leno, 1563.
- Lorenzo, Ramón (1993). “*Tratado de Alveitaria*”. En Lanciani, Giulia & Tavani, Giuseppe (coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*. Lisboa: Caminho, 635.
- Molin, Girolamo (1828). *Jordani Ruffi Calabriensis Hippitria*. Padova: Tipografia del Seminario. Disponible en <http://www.biusante.parisdescartes.fr/histmed/medica/cote?extmnhny1806>.

- Montinaro, Antonio (2015). *La tradizione del De medicina equorum di Giordano Ruffo. Con un censimento dei testimoni manoscritti e a stampa*. Milano: Ledizioni. Disponible en <https://books.openedition.org/ledizioni/2130>.
- Montinaro, Antonio (2017). *Cola de Jennaro, Della natura del cavallo e sua nascita (Tunisi, 1479). Edizione di un volgarizzamento dal Liber marescalcie di Giordano Ruffo*. Strasbourg: ÉLiPhi.
- Olrog Hedvall, Yvonne (1995). *Giordano Ruffo, Lo Libro dele marescalcie dei cavalli. Cod. 78C15 Kupferstichkabinett, Berlin. Trattato veterinario del Duecento*. Stockholm: Stockholms Universitat.
- Pensado Tomé, José Luis (2004). *Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé, revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro “Ramón Piñeiro” para a Investigación en Humanidades.
- Pereira, Gabriel (1909). “*Livro d’Alveitaria do Mestre Giraldo*”, *Revista Lusitana*, XII, 1-2, 1-60.
- Pérez Barcala, Gerardo (2004). “Apéndice: Proposta de edición”, en Pensado Tomé (2004), 365-414.
- Pérez Barcala, Gerardo (2013). *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Ruffo*. [A Coruña]: Fundación Barrié.
- Pérez Barcala, Gerardo (2016a). “Confusiones gráficas y errores en la traducción gallega de Giordano Ruffo”, *Medioevo Romanzo*, XL, 2, 397-414.
- Pérez Barcala, Gerardo (2016b). “De la lección manuscrita a la edición: los errores de la traducción gallega del *De medicina equorum*”, *Estudios Románicos*, 25, 133-151.
- Pérez Barcala, Gerardo (2017). “Un posible caso de *varia lectio* en la transmisión del *De medicina equorum* y algunas reflexiones sobre la edición de traducciones medievales de tradición unitestimonial”, *Le forme e la storia*, X, 1, 49-78.
- Pérez Barcala, Gerardo (2018). “La *varia lectio* en la transmisión del *De medicina equorum*: algunas hipótesis sobre el modelo de la versión gallega de Giordano Ruffo”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 134, 2, 442-470.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2012). “El anisomorfismo braquigráfico en el gallego medieval como fuente para la investigación filológica y lingüística: compendios abreviativos híbridos”. En Torrens Álvarez, María Jesús, & Sánchez-Prieto Borja, Pedro (eds.), *Nuevas perspectivas para la edición y estudio de documentos hispánicos antiguos*. Bern: Peter Lang, 219-232.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2013). “Notas sobre braquigrafía galega medieval. Sinais abreviativos especializados”. En Casanova Herrero, Emili, & Calvo Rigual, Cesareo (eds.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas (Valencia 2010)*. Berlin: De Gruyter, vol. VII, 335-346.

- Prévot, Brigitte (1991). *La science du cheval au Moyen Age. Le Traité d'hippiatrie de Jordanus Rufus*. Paris Klincksieck.
- Prévot, Brigitte (inédito). *Jordanus Rufus. Transcription du manuscrit Paris, BnF lat. 5503 = F (XIV^e siècle), corrigé à l'aide du manuscrit Paris BnF lat. 2477 = E (XIII^e siècle), et éventuellement du manuscrit bilingue, français/latin, Paris BnF Nal 1553 (première moitié du XIV^e siècle)*.
- Raynouard, François-Just-Marie (1843). *Lexique roman ou Dictionnaire de la langue des troubadours comparée avec les autres langues*. Tome V. Paris: chez Silvestre. Disponible en <https://archive.org/details/lexiqueromanoud08rayngoog> (Consultado en 15.11.2018).
- Rizza, Giuseppina (2014-2015). *Un inedito trattato di mascalcia in volgare siciliano: ms. London, British Library, Harley 3535 (XV sec.) cc. 41v-68r*, tesi di laurea [inédita]. Università degli Studi di Catania.
- Sánchez-Prieto Borja, Pedro (1989). "Importancia del estudio del modelo subyacente en la edición de traducciones medievales de textos latinos, ilustrada en un romanceamiento castellano del Eclesiástico realizado en el siglo XV", *Filología Románica*, 6, 251-256.
- Sánchez-Prieto Borja, Pedro (1998). *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*. Madrid, Arco Libros.
- Santoyo, Julio-César (2004). "La Edad Media". En Lafarga, Francisco, & Pegenaute, Luis (eds.), *Historia de la traducción en España*. Salamanca: Editorial Ambos Mundos, pp. 23-174.
- Stivala, Maria Laura (2013-2014). *Un inedito trattato di mascalcia in volgare siciliano: ms. Bibl. Marciana, it. III, 27 (5008) - cc. 23r-63v*, tesi di laurea [inédita]. Università degli Studi di Catania.
- TLIO = Squillacioti, Paolo (dir.). *Tesoro della Lingua Italiana delle Origini*. <http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/> (Consultado en 15.11.2018)

